



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA “REPARACIÓN, MELLORAS E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS ÁLVAREZ DURÁN (PECHES E OBRAS COMPLEMENTARIAS)”.- POSTA EN COÑECEMENTO INFORME TÉCNICO Á DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE OFERTA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA, ADMISIÓN DE PROPOSTAS ECONÓMICAS E PROPOSTA DE OFERTA MÁIS VENTAXOSA.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e vinte minutos do día 8 de novembro de 2016, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, alcalde-presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

José Manuel Ferreiroa González, arquitecto técnico municipal.

Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

-Secretaria:

Mª Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

1.- A Mesa de Contratación realizada o día 26 de outubro 2016, acto de apertura pública das propostas económicas presentadas á licitación, acordou, por unanimidade, solicitar ás empresas que se citan a continuación xustificación da valoración da oferta presentada, dado que a baixa pode ser desproporcional ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto no art. 152.3 do TRLCSP, outorgándose un prazo de audiencia de dous días hábiles aos licitadores aos efectos de presentar a xustificación solicitada, e unha vez rematado o prazo proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP:

- Sestrama-09, S.L., Construcciones
- Obras e Viais, S.A. (COVSA)
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L. (EXCOMEL)
- Zona de Obras O Rosal, S.L.
- Rocas Graníticas del Condado, S.L.,

2.- Presentada a documentación requirida polos licitadores, Construcciones, Obras e Viais, S.A. (COVSA) R.E. nº 9857 de 04/11/2016, e Excavaciones y Obras Melchor, S.L. (EXCOMEL) R.E. nº 9893 de 07/11/2016, emítese informe polo arquitecto técnico municipal, que se transcribe literalmente:

“JOSÉ MANUEL FERREIROA GONZÁLEZ, arquitecto técnico do Concello de Tui a petición do Departamento de Contratación do Excmo. Concello de Tui para que emita INFORME TÉCNICO sobre a xustificación de baixa desproporcionada das empresas COVSA e EXCOMEL, que se presentaron ao concurso do proxecto de REPARACIÓN, MELLORAS E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS ALVAREZ DURAN (PECHES E OBRAS COMPLEMENTARIAS) convocado polo Concello de Tui, emito o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1.- ANTECEDENTES

- Con data 26 de outubro de 2016 constitúese a mesa de contratación da obra REPARACIÓN, MELLORAS E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS ALVAREZ DURAN (PECHES E OBRAS COMPLEMENTARIAS) para realizar a apertura do sobre nº 2 CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA. Preséntanse un total de 17 empresas, Despois de proceder á análise das ofertas económicas, solicítaselle a cinco (5) empresas *xustificación da valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións*

técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda de Estado

- As empresa COVSA e EXCOMEL presentan unha xustificación das súas ofertas económicas, que se me achegan o 7 de novembro de 2016.

2.- ANÁLISIS DAS XUSTIFICACIÓNS PRESENTADAS

2.1.- XUSTIFICACIÓN DE “CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)” (RXE/9857/2016 de 04/11/2016)

No ANEXO Nº6: JUSTIFICACIÓN DE PRECIOS indícanse os prezos descompostos e no ANEXO Nº7 o PRESUPOSTO OFERTADO.

Non se aportan prezos auxiliares.

O descomposto dalgunha partida non se corresponde có solicitado na mesma

- Na partida 05.02.02 non se valora o recheo de morteiro epoxídico.

- Na partida 05.02.07 non se valora o bastidor de aluminio con acabado en madeira de IPE.

Non se aporta ningunha xustificación dos prezos dos materiais ofertados, resultando en moitos casos menores que os que figuran no proxecto aprobado.

Non se aportan ofertas de provedores.

Non se xustifican os custos indirectos da obra (persoal técnico, implantación e mantemento de obra ...)

Indícase que os gastos xerais supoñen un 5% sobre a execución material, cun importe de 1.766,80 euros.

Pero non se xustifica a contía desta porcentaxe.

No punto 2.4 RELACIÓN ENTRE COSTES LABORALES FIJOS Y EL VOLUMEN DE OBRA CONTRATADA indícase que *considerando que el principal componente de los costes fijos de una empresa son los gastos de estructura, y habiendo mencionado que CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. posee en propiedad plantas de producción, maquinaria y oficinas, se puede decir que el volumen de obra contratado es más que suficiente para cubrir un gasto de 4% de estructura y personal general.*

Pero non se cuantifican nin xustifican cales son os mencionados gastos de estrutura e persoal xeral.

No punto 3 GASTOS GENERALES Y BENEFICIO INDUSTRIAL CONSIDERADO indícase que *los Gastos Generales suman un total del 5%, la mayor parte están amortizados debido a la propiedad de la maquinaria y las instalaciones fijas a disponer en la obra. Estos Gastos Generales son: 4% de Estructura y personal general y un 1% del Control de Calidad.*

Pero non se cuantifican nin xustifican cales son os mencionados gastos de estrutura e persoal xeral.

Non se valoran expresamente, os gastos derivados do contrato como son

- A publicación do anuncio de licitación no BOP.

- O cartel de obra que ten a obriga de colocar.

- Os de policía e vixilancia durante o período de garantía (que ademais incrementou na súa proposición en 4 anos)

Resulta de todo o anterior que

- non se xustifica suficientemente a oferta económica presentada,

- non hai ofertas de provedores que xustifiquen os prezos das subministracións da obra.

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de “CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)”**

2.2.- XUSTIFICACIÓN DE “EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL (EXCOMEL)” (RXE/9893/2016 de 07/11/2016)

Na xustificación presentada, formada por unha soa folla, indícase que *EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL, se reafirma en su oferta.*



Non se aporta ningún tipo de xustificación adicional.

Polo que a min entender **NON ESTÁ XUSTIFICADA A VIABILIDADE DA PROPOSTA ECONÓMICA de "EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL (EXCOMEL)"**

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario e sen prexuízo do que decida a Mesa de Contratación como órgano competente para a estimación ou non das xustificacións presentadas.

Tui, 8 de novembro de 2016."

Á vista dos antecedentes expostos, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **adopta o seguinte acordo:**

1º.- Proponer ao órgano de contratación o rexeitamento das propostas económicas presentadas polos seguintes licitadores, de acordo coa motivación sinalada no informe do arquitecto técnico de data 8 de novembro:

- Construcciones, Obras e Viais, S.A. (COVSA), con ederezo en R/ Herminia Fariña Cobián, Apdo. de Correos 202, CP 36003, Pontevedra
- Excavaciones y Obras Melchor, S.L. (EXCOMEL), con ederezo en Lugar de Viladesuso nº 35, CP 15319, Betanzos (A Coruña)

2º. - Proponer ao órgano de contratación o rexeitamento das propostas económicas dos seguintes licitadores dado que non se presentou a documentación xustificativa solicitada:

- Sestrama-09, S.L., con ederezo en Avda. Elduayen nº 34 1º oficina B1, CP 36380, Gondomar (Pontevedra).
- Zona de Obras O Rosal, S.L., con ederezo en 2º Transversal O Cotro nº 23 23B, CP 36760 O Rosal (Pontevedra).
- Rocas Graníticas del Condado, S.L., con ederezo en Pol. Ind. Chan da Ponte, Nave 2-3, CP 36450 Salvaterra de Miño (Pontevedra).

3º.- Outorgar as seguintes puntuacións aos licitadores seguintes:

BAIXA NO PREZO:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA	BAIXA	PUNTUACIÓN
Construccines Castro Figueiro, S.L.U.	50.971,18 €	20.962,01 €	50
Ecogalaico Innovación, S.L.	53.949,89 €	17.983,30 €	42,89
Sergonsa Servicios, S.L.	54.397,97 €	17.535,22 €	41,83
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	54.589,15 €	17.344,04 €	41,37
Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI)	55.532,30 €	16.400,89 €	39,12
Construcciones Lemos Martínez, S.L.	59.704,55 €	12.228,64 €	29,17
Construcciones Fechi, S.L.U.	60.136,14 €	11.797,05 €	28,14
Mecano Sport, S.L.	63.013,47 €	8.919,72 €	21,28
Narom, S.L.	63.013,47 €	8.919,72 €	21,28
Cal Baixo Miño, Construcciones y Servicios, S.L.	64.020,54 €	7.912,65 €	18,87
Excavaciones y Construcciones Pérez, S.L.	66.365,56 €	5.567,63 €	13,28

Terrauga Proyectos e Obras, S.L.	69.652,91 €	2.280,28 €	5,44
----------------------------------	-------------	------------	------

VALORACIÓN ÁS MELLORAS:

EMPRESA	REDUCCIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN		INCREMENTO DO PRAZO GARANTÍA		TOTAL SUMA
	MESES	PUNTOS	AÑOS	PUNTOS	PUNTOS
CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ, SL	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
TERRAUGA PROYECTOS E OBRAS, SL	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
EXCAVAC. Y CONSTRUCC. PÉREZ, SL	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
MECANO SPORT, SL	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
NAROM SL	0,00	0,00	4,00	24,00	24,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
CAL BAIXO MIÑO, CONSTR. Y SERV. SL	1,43	24,84	4,00	24,00	48,84
SERGONSA SERVICIOS, SL	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
ECOGALAICO INNOVACIÓN, SL	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
ACEVI	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00
CONSTRUCC. Y PROYECTOS ABILLEIRA, SL	1,50	26,00	4,00	24,00	50,00

PUNTUACIÓN TOTAL:

EMPRESA	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN MELLORAS	TOTAL
Construccines Castro Figueiro, S.L.U.	50	50	100
Ecogalaico Innovación, S.L.	42,89	50	92,89
Sergonsa Servicios, S.L.	41,83	50	91,83
Construcciones y Proyectos Abilleira, S.L.	41,37	50	91,37
Actividades de Construcción, Edificación y Viales, S.L. (ACEVI)	39,12	50	89,12
Construcciones Lemos Martínez, S.L.	29,17	50	79,17
Construcciones Fechi, S.L.U.	28,14	50	78,14
Mecano Sport, S.L.	21,28	50	71,28
Cal Baixo Miño, Construcciones y Servicios, S.L.	18,87	48,84	67,71
Excavaciones y Construcciones Pérez, S.L.	13,28	50	63,28
Terrauga Proyectos e Obras, S.L.	5,44	50	55,44
Narom, S.L.	21,28	24	45,28

4º.- Á vista das puntuacións obtidas polos licitadores, a Mesa de Contratación, propón á empresa "CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.", NIF nº B36816189, como oferta económica máis vantaxosa, con enderezo en Avda. de Redondela, 94 baixo, Chapela, CP 36320, Redondela, que se eleva ó órgano de contratación para requirir ó licitador proposto que presente a documentación xustificativa de conformidade co artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como documentación acreditativa dos aspectos presentados segundo de declaración responsable, de conformidade coa Lei 14/2013 de 27 de setembro. Dado que o licitador proposto está inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas co número 3746, os datos que aparezan no referido certificado acreditativos dos aspectos contemplados no art. 328 do TRLCSP, estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia dos mesmos; todo de conformidade co indicado na cláusula 15 do prego de condicións administrativas.

De seguido exténdese a presente acta, que é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

Asdo.: María Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO

Asdo.: Aitor Iglesias Monzón

Asdo.: Pilar Fenández Alonso

ARQUITECTOTÉCNICO MUNICIPAL

A CONCELLEIRA DE FACENDA

Asdo.: José Manuel Ferreiroa González

Asdo.: Yolanda Rodríguez Rodríguez

